PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE FENE E A ENTIDADE "ASPANEPS" PARA GASTOS DE MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DA ASOCIACIÓN, ANO 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Alejandra Permuy Meizoso, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Fene, en nome e representación do Concello de Fene, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte Mª Elena Rodríguez Seoane, actuando en nome e representación da entidade ASPANEPS en calidade de presidenta e representante da asociación.

MANIFESTAN

PRIMEIRO
O Pleno do Concello de Fene, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 16 de marzo de 2026, adoptou o acordo de aprobación do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Fene 2026, cuxo anuncio foi publicado no BOP da Coruña número 52, do mércores 18 de marzo de 2026.

C.I.F.: P-1503600-G

O Pleno do Concello de Fene, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 20 de abril de 2026, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral para o exercicio 2026, publicado no BOP da Coruña número 73, do martes 21 de abril de 2026.

Na relación nominal de subvencións do anexo I contemplase unha subvención nominativa a favor de Aspanes por un importe de 7.200,00€.

SEGUNDO
O procedemento de concesión da subvención foi iniciado a instancia do Concello de cara a iniciar o procedemento e solicitase que acompañe xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Solicitude subvención nominativa para mantemento e funcionamento da asociación durante o ano 2026
- Formulario A-1: Declaración de non ter solicitadas outras subvencións
- Formulario A-2: Declaración de ter solicitadas outras subvencións
- Formulario 3: Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais
- Formulario 4: Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade
- Formulario 5: Memoria explicativa das actividades para as que solicita subvención
- Formulario F: Conta xustificativa de ingresos e gastos
- Acreditación da persoa responsable da entidade
- DNI da persoa representante
- Tarxeta da identificación fiscal
- Certificado de Axencia Tributaria estatal, certificado débedas da Axencia Tributaria de Galicia e certificado da Seguridade Social, de non estar incurso nas prohibicións para obter a devandita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Certificación do código da conta bancaria

TERCEIRO
Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que esixe para que as disposicións diñerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas

condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Finalmente, e co fin de dar cumprimento ó previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas, ámbalas partes acordan establecer o presente convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL
O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Regulamento de desenvolvemento; Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local; Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común; Lei 9/2007, de 13 de xuño, Subvencións de Galicia; RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDA. OBXECTO E GASTOS SUBVENCIONABLES
O obxecto da subvención é contribuír ó mantemento e funcionamento da asociación no exercicio 2026 segundo orzamento presentado pola entidade.

TERCEIRA. PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO
O período de duración do presente convenio abranguerá o exercicio 2026, isto é, ata o 15 de decembro de 2026.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES
Serán subvencionables todos os gastos derivados do mantemento e funcionamento da asociación, de acordo co orzamento de gastos presentado pola entidade ata un máximo de sete mil douscentos euros #7.200€# e que se realizaran dende o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2026.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas, doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA.- DOCUMENTACIÓN
Para a plena efectividade do presente convenio deberá achegarse a seguinte documentación:

- Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia do CIF da entidade.
- Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- Certificado expedido polo/a Secretario/a da Entidade acreditativo da representación que ostenta o perceptor da subvención.
- Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- Certificacións/declaracións responsables de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene (que se acreditará de oficio), e coa Seguridade Social.

- Declaración responsable de non estar incursa a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións (art. 10.2 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA
Son obrigas da entidade beneficiaria as seguintes:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Lucir o logotipo/escudo do Concello de Fene en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro do presente convenio.
- Xustificar ante o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano que concede ou entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social, na forma que se determine regulamentariamente.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da lei 38/ 2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no apartado 4 do artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SÉTIMA. CRÉDITO ORZAMENTARIO
Os créditos orzamentarios aos que se imputa a presente subvención veñen determinados na aplicación 231/48900 sendo a contía máxima da axuda concedida de sete mil douscentos euros #7.200€#.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez asinado o Convenio aboarase un primer pago correspondente ao 50% do total da subvención e o segundo pago aboarase ao remate do convenio cando se xustifique o total do gasto efectuado.

A xustificación da subvención realizarase ata o 15 de decembro de 2026 mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos.
- Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Fene en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, videos, CD´s, etc).
- Certificación na que se acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- Certificación na que se acredite que os gastos correspondentes ás actividades subvencionadas polo Concello de Fene, cuxos xustificantes figuran na relación clasificada de gastos que foron reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- Conta xustificativa e orixinais ou fotocopias cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o beneficiario, o importe e data de pagamento.
  Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (forma de pago non admitida para os gastos de importe superior a 600,00 euros), achegarase declaración xurada do/a tesoureiro/a da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando: número de factura, concepto, importe e data de pago.
- Deberá estenderse no orixinal da factura ou documento substitutivo unha dilixencia na que se faga constar que a factura/documento substitutivo utilizouse como xustificante de gasto para a xustificación deste convenio, con indicación no seu caso, da porcentaxe a aplicar. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene (que se acreditará de oficio), e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de que non ten pendente de xustificación outra subvención do Concello.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma voluntaria por escrito no mesmo prazo, será requirido o beneficiario para a súa presentación (artigo 70 do RD 887/2006). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que pola alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante unha Resolución da alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario, e ordenándose o pagamento. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto pola entidade beneficiaria.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa antes do 15.12.2026.

Mediante acordo de alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose correcta.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

NOVENA. MODIFICACIÓN
Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla no presente convenio.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN
Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

UNDÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMENTO
Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre do mesmo. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Fene polo/a concelleiro/a delegado/a do Área de Benestar Social e Igualdade quen poderá delegar na técnica dese área que estime oportuno, e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

DUODÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓNS
Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións estarase ao disposto nos artigos 24 e seguintes, 33 e 34 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene.

DÉCIMOTERCEIRA. NATUREZA
O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMOCUARTA. INTERPRETACIÓN
Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene.

DÉCIMOQUINTA. CONSTANCIA DA COLABORACIÓN MUNICIPAL.
Cando a entidade ASPANEPS desenvolva actos públicos ou informe, por calquera medio de comunicación ou publicidade, das actividades subvencionadas por este convenio, fará constar e difundir a colaboración municipal. Nas publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) deberá constar o escudo ou logotipo municipal.

DÉCIMOSEXTA. SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.
É obrigación do beneficiario da subvención segundo establece a Lei 9/2007 , do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu art. 11. apartado c) " s*ometerse as actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes,... aportando canta información séxalles requirida..."* . Por elo a entidade beneficiaria facilitará os medios materiais e persoais, cando sexa requirido polos técnicos municipais, có fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.

DECIMOSÉTIMA.- LINGUA VEHICULAR
Todos os documentos que se deriven deste convenio entre o Concello e a entidade ASPANEPS redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que convenian realicen referentes ao asunto deste convenio. Así mesmo eliminaranse os estereotipos sexistas na linguaxe.

DÉCIMOOITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS
En cumprimento coa normativa reguladora dos datos de carácter persoal, ambas partes comprométense a cumprir, nos termos en que sexan de aplicación, o establecido na Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter persoal e lexislación aplicable.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sra. alcaldesa e a persoa representante da entidade

A ALCALDESA

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE